
MEMORIA ANUAL 2012

verdegaia 

INFORME PLANO DE COMUNICACIÓN 2012-2013

INFORME PLANO DE COMUNICACIÓN 2012-2013

Comunicación interna

O Foro

No período interasamblear 2012-2013 publicáronse 1858 mensaxes novas (suman un total de 6526 dende a inauguración do foro) sobre 734 temas distintos (1579 dende o inicio).

11 novas socias/os déronse de alta no foro para un total de 111, o 40,5% das socias/os de Verdegaia, un considerábel incremento respecto do ano pasado (31% de socias/os activas no foro), condicionado en parte polo diminución da masa social.

Durante este tempo, baralláronse distintas opcións para empregar o foro como plataforma educativa on-line que non frutificaron. Porén, é factíbel a posta en marcha desta ferramenta.

Comunicación externa

Web.

Continúa ser o principal vehículo comunicativo da asociación.

Datos estatísticos 2012

Mes	Visitantes distintos	Número de visitas	Páginas	Solicitudes	Tráfico
Ene 2012	2635	6705	34748	96312	1.31 GB
Feb 2012	3048	7543	35342	142296	1.81 GB
Mar 2012	2521	6311	44701	158247	2.70 GB
Abr 2012	3007	5708	43904	174575	3.12 GB
May 2012	2154	4572	42462	135176	2.91 GB
Jun 2012	2291	5137	37570	114893	2.14 GB
Jul 2012	2135	6254	29617	86897	2.05 GB
Ago 2012	2153	5952	24155	77692	1.69 GB
Sep 2012	2025	5758	28198	83063	1.77 GB
Oct 2012	2101	5173	38059	107813	1.80 GB
Nov 2012	2079	5608	32448	103105	2.12 GB
Dic 2012	1855	4536	48942	103404	1.91 GB
Total	28004	69257	440146	1383473	25.32 GB

A nova web púxose en marcha e, despois dalgúns problemas iniciais, funciona sen maiores novidades.

Outras webs:

Alén da nosa web principal, mantemos outras webs temáticas que experimentaron un lixeiro descenso no índice de visitas:

consomesoudevoras.info - 11.512 visitantes distintos que entraron 25.536 veces.

cospesnaterra.info – 7.689 visitantes distintos que entraron 18.700 veces.

bicis.info – 52.130 visitantes distintos que entraron 120.594 veces. Unha parte importante deste tráfico xérase dentro do Foro das Masas Críticas Galegas aloxado na web.

Facebook

Facebook tense convertido nunha ferramenta de divulgación importante. Ao longo deste ano déronse de alta 362 novas “amigas”, sumando xa 1.871 que reciben actualizada a nosa información a través deste medio.

Presenza nos medios de información.

Non se leva conta do número de novas que son publicadas nos medios de comunicación. Intuitivamente, a presenza nos medios quizais foi algo inferior a anos pasados por un menor envío de notas de prensa pola nosa parte e tamén pola dificultade de contar con espazo para novas sobre medio ambiente no contexto de crise económica...

INFORME DE ORGANIZACIÓN 2012-2013

INFORME DE ORGANIZACIÓN 2012-2013

Evolución do número de socias/os

- Evolución do número de socias/os no período interasamblear (marzo 2012-marzo 2013)

No período comprendido entre marzo de 2012 e marzo de 2013 experimentamos un decrecemento neto de 43 socias/os, pasando de 307 socias/os a 264.


As 2 únicas altas corresponden a Santiago e ao grupo de socias/os sen núcleo. Por contra, o groso das baixas concéntrase no núcleo de Ourense, con 14, seguido das socias/os sen núcleo (13), Santiago (6) e Vigo (5).

No que respecta ás explicacións, a meirande parte das baixas no núcleo de Ourense producíronse coincidindo temporalmente co conflito derivado da non-xuntanza con AGE, durante a campaña electoral galega. O resto de baixas teñen unha argumentación fundamentalmente económica.


Ademais, está pendente de resolver a continuidade ou non dun elevado número de socias/os con cotas sen pagar; a pesar do traballo desenvolvido pola secretaría e pola tesourería no contacto coas persoas implicadas, están aínda sen resolver 7 casos en Ferrol, 9 en Ourense, 3 en Pontevedra, 8 en Santiago, 7 en Vigo e 7 correspondentes a persoas sen núcleo comarcal asignado.

Cómpre destacar que, coma en anteriores ocasións, durante o pasado ano 2012, e o que levamos deste, non se desenvolveu ningunha campaña para o aumento do número de persoas e/ou entidades asociadas.

No que respecta á evolución do número de socias/os dende a constitución de Verdegaia, en marzo de 2006, rómpese coa dinámica de crecemento lento pero constante que se viña consolidando dende 2009, máis ou menos, despois do crecemento exponencial dos primeiros anos.




NÚC. COM.	2006	2007	2008	2009	2010	2011	2012	2013
CORUÑA	8	11	15	16	15	15	15	11
FERROL	18	28	32	35	37	37	39	39
OURENSE	35	44	50	51	50	50	49	35
PONTEVEDRA	4	4	5	19	22	22	22	19
SANTIAGO	52	58	65	70	71	72	74	69
VIGO	25	49	58	62	66	68	71	66
SEN NÚC.	12	21	24	28	33	36	37	25
TOTAL	154	215	249	281	294	300	307	264



Núcleos Comarcais

Verdegaia naceu con 4 Núcleos Comarcais aos que se incorporaron posteriormente os núcleos de A Coruña (2008) e Pontevedra (2009), así como a representación local de Ribeira dende 2008.

Proporcionalmente, son os núcleos de Vigo e Santiago os que agrupan un maior número de persoas socias, aumentando tamén a porcentaxe de socias/os sen núcleo asignado.




No que respecta ao nivel de actividade (o número de activistas desestimouse como indicador válido na asemblea anual ordinaria de 2012), unicamente os núcleos de Ferrol, Santiago e Vigo manteñen actividades propias, se ben a representación local de Ribeira desenvolveu tamén varias actividades ao longo do ano.

Na práctica, os núcleos de Coruña e Pontevedra levan sen estar activos xa varios anos e o núcleo de Ourense perdeu moita actividade nos dous últimos exercicios.

Xénero

A análise de xénero da nosa asociación amosa unha distribución case idéntica á que poderíamos considerar “modelo” do tecido asociativo galego: un 60% de homes e un 40% de mulleres; no noso caso, un 58% de homes e un 41,5% de mulleres, ao que habería que sumarlle un 0,5% de entidades (unha asociación).



Dende a asemblea de marzo de 2012 ate a actualidade non se celebrou ningunha xuntanza da comisión permanente, nin de forma presencial nin de forma dixital. Esta ausencia de encontros, ao igual que acontecera no período interasamblear 2010-2011 e 2011-2012, responde á vontade de derivar o conxunto da comunicación e toma de decisións á comisión coordinadora xeral; de feito, a listaxe de correo da CPermanente case non foi utilizada polo mesmo motivo.

En relación á comisión coordinadora xeral, a súa periodicidade resultou semellante á doutros anos, tentándose fixar cada dous meses aproximadamente. No que respecta ao número de asistentes tamén hai continuidade, unicamente destacando a xuntanza do 15 de decembro na que o número de participantes foi especialmente alto polo uso do skype entre Vigo e Santiago (se ben a xuntanza non foi positivamente avaliada polas dificultades de comunicación...).

Reunións CCXeral	14.04.12	09.06.12	08.09.12	15.12.12	02.02.13
Asistentes	7	10	6	13	9

VERDEGAIA - MEMORIA DE ACTIVIDADES 2012-2013

Período entre as assembleas de: marzo 2012 – marzo 2013.

RESUMO DAS ACTIVIDADES DO NÚCLEO DE VERDEGAIA COMPOSTELA

Área de Educación ambiental, Xustiza social e Consumo consciente.

- Faladoiros.

Outubro 2012: etiquetaxe na alimentación e benestar animal.

Decembro 2012: represión, dereitos civís e movementos sociais.

Xaneiro 2013: minaría, residuos e territorio.

- Roteiros.

Abril 2012: Serra do Barbanza.

Novembro 2012: Serra do Candán.

- Ciclo de cinema: Coñecer para cambiar, con Amarante e o SLG.

Abril 2012: *Trueque*.

Maio 2012: *Nós alimentámolo mundo*.

Xuño 2012: *Catastroika*.

- Impulso á realización das xornadas sobre ecofeminismos, *Repensando a vida*, realizadas en Compostela no inicio de decembro de 2012. Para esta actividade colaboramos con diversos colectivos feministas presentes na comarca.
- Participamos na campaña de oposición á ordenanza municipal sobre ocupación do espazo público, xunto a diversos colectivos da cidade, nos meses de maio e xuño de 2012.
- Participamos na organización dos mercados de troco mensuais que tiveron lugar durante este 2012, fundamentalmente no espazo do Lusco e Fusco, no parque de Belvís. Nestes mercados participan tamén outros colectivos como Eirado, a Gentalha do Pichel, a Asemblea de San Pedro ou Amarante.
- O 12 de setembro participamos na manifestación en Compostela en defensa do ensino rural.
- En xaneiro mostramos o noso apoio cunha nota á sindicalista Laura Bugalho, ante o proceso xudicial que pretende criminalizar a súa actividade e militancia.

Área de Urbanismo, Infraestruturas e Territorio.

- Seguemento do PMUS (Plan de Mobilidade Urbana de Santiago).
- Seguemento das obras na praza de abastos de Compostela.
- Participación en diversas convocatorias da masa crítica, aínda que con menos frecuencia que en anos anteriores.
- Análise da auga de varias fontes (5) da cidade, co obxectivo de coñecer o seu estado e presionar ao Concello e á empresa para que manteñan a calidade destas augas faciliten o seu aproveitamento pola cidadanía.
- Seguemento dos verquidos de escouras de Ferroatlántica na contorna do concello de Carballo. Esta actividade inclúe tamén unha vertente xudicial.
- Participamos nunha mobilización a prol do servizo contra incendios ante a política laboral e ambiental da Xunta, que o ten reducido á mínima expresión.
- Igualmente participamos no mes de xuño da manifestación contra as fumigacións dos montes co pesticida Cascade, previstas para eliminar a praga do goníptero nos eucaliptais.

Outras.

- Colaboramos na organización da entrega de premios Semente e Cemento, celebrada en Compostela no mes de setembro de 2012.

RESUMO DAS ACTIVIDADES DO NÚCLEO DE VERDEGAIA FERROL, EUME E ORTEGAL

- Denuncia do depósito de áridos asfálticos da empresa Manmer na bacía do río Baa, non concello de Cabanas, (xunto ao Polígono do Vilar do Colo) en colaboración con outras entidades. Esta actividade implicou durante o ano, dende varias reunións con outras asociacións e coa veciñanza da zona ata roteiros (14 de abril, por exemplo) reivindicativos, pasando por notas de prensa, etc.
- Denuncia ante o Concello de Ferrol e o Servizo de Conservación da Natureza da Xunta de Galicia polo aterramento ilegal efectuado polo clube hípico “Los Gavilanes” nas inmediacións do areal de Santa Comba en Ferrol, sobre un hábitat hidromorfo, afectando ao LIC Costa Ártabra e á ZEPA Costa de Ferrolterra-Valdoviño
- Denuncia ambiental ante o Servizo de Conservación da Natureza da Coruña polo recheo dunha zona de duna gris en San Xurxo con posíbel afección á zona de ampliación da Rede Natura (Concello de Ferrol)
- Denuncia ante o Servizo Territorial da Demarcación Norte de Augas de Galicia e o Servizo de Conservación da Natureza da Xunta de Galicia por un novo aterramento efectuado por un particular nas inmediacións do Regato de San Xurxo (Ferrol), afectando a un hábitat hidromorfo.
- Alegacións á ampliación da Rede Natura 2000 de Galicia 2011 efectuada pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras.
- En relación ao Plano de Conservación da Escribenta das Canabeiras (*Emberiza schoeniclus* subsp. *Lusitanica*) escrito á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras para pedir que o humidal do Rego de Soagraña (Ferrol) se inclúa integramente como área prioritaria de conservación.
- Denuncia ambiental ante o Servizo de Conservación da Natureza da Coruña pola tala de árbores e desbroces na fraga ripícola da Lagoa de Doniños (Ferrol) para o mantemento dun tendido eléctrico.
- Roteiros reivindicativos pola retirada dos áridos asfálticos contaminantes polo río Baa (14 de abril, 9 de xuño e 23 de setembro). Estes roteiros fixéronse en colaboración con: Adegas, Sociedade Galega de Historia Natural, Plataforma de afectados polo polígono industrial Vilar do Colo e Plataforma de defensa dos camiños.
- Roteiro pola ZEPA “Costa Ferrolterra-Valdoviño”
- Nota de prensa manifestando o rexeitamento de Verdegaia ao regulamento artificial da Lagoa da Frouxeira (LIC Costa Ártabra, ZEPA Costa de Ferrolterra-Valdoviño, Humidal Ramsar, etc.).
- Nota de prensa de apoio ao Ateneo Ferrolán .Quixemos manifestar o noso apoio ao Ateneo Ferrolán ante a operación do goberno municipal do Concello de Ferrol que pretende ocupar a actual sede con outras entidades, reducindo o espazo ateneísta a unha pequena parte na que dificilmente pódense desenvolver as actividades habituais da entidade

RESUMO DAS ACTIVIDADES DO NÚCLEO DE VERDEGAIA VIGO

Marzo 2012

- Asmablea anual do Núcleo de Vigo
- Escomenza unha nova e ilusionante etapa coa coordinadora Tamara Roig Figueroa.

Abril 2012

- Algúns activistas participamos individualmente na manifestación polos incendios, da que lamentamos a súa instrumentalización política.
- Publicamos o noso parecer sobre a Área Metropolitana de Vigo, dende o decrecemento.
- Continuamos tentando loitar contra a macrodepuradora.
- Comezouse o bosquejo da Horta da Vila (antes Casa Verde, proxecto que na actualidade sería inviábel economicamente).
- Realizouse unha palestra de Consumo Consciente para alumnado de 2º ciclo da ESO.

Maiο 2012

- Algúns activistas foran multados no 2010 por protexer a animais dos cazadores e recibiron a desestimación do recurso; Verdegaia cubriu os gastos.
- Participamos da Plataforma pola Serra do Galiñeiro con actos de rúa para recoller sinaturas de apoio e informar da III Andaina.
- Mantivemos contacto coa Rede de Hortas e participamos no programa de Radio Piratona.
- Presentouse denuncia perante Augas de Galicia contra o Talaso de Oia.

Xuño 2012

- Percibimos unha perda de activismo sen renovación e pensamos en colectivos cos que contactar (maiores, estudantado). O foro de Verdegaia tampouco e tan dinámico como debería.
- Convocados pola Asemblea do Barrio do Cura, participamos na preparación dunha resposta en caso de o Karpin cumprí-las ameazas (o proxecto segue en pausa indefinida).
- Na semana do 18 chamounos un veciño amante da natureza (naceu no rural e sempre pertenceu á -Comunidade de Montes) para pedir o noso apoio á hora de denunciar as talas producidas en Martínez Garrido.

Xullo 2012

- Fixemos un acto de rúa contra a deshumanización en Martínez Garrido e O Calvario, con concentración espontánea e recolla de sinaturas e impresións da cidadanía sobor das talas indiscriminadas.
- A través do Espazo Aberto Antimilitar rexeitamos o Festival Aéreo de tódolos anos (haxa ou non crise).
- Presentamos alegacións á Delimitación dos Espazos e Usos Portuarios.

Agosto 2012

- Por unanimidade decidiuse suprimir as xuntanzas e manter contacto virtual e telefónico.
- Verdegaia Vigo elaborou un documento para Ecologistas en Acción sobor do X Aniversario da Catástrofe do Prestige.

Setembro 2012

- Comezamos coa difusión da ILP polos 3R e da Obxección Fiscal aos Gastos Militares e Militarizados.

- Este ano anulouse o curso de Enxeñeiros sen Fronteiras no que ía participar Verdegaia.
- Juan Pablo Forti presentou ao Concello o proxecto da Horta da Vila e recibiu moi boas palabras indicando que o estudarían; porén, o que agochaban era a traizón de apropiarse da súa idea.
- Fomos invitados á inauguración do novo local de Amigos da Terra, que comparten con Educación sen -Fronteiras e Entreculturas.
- Negociamos co BNG a presión contra os circos con animais non humanos.
- Despois de 15 anos de loita, non puidemos evitar a desfeita na Xunqueira do Lagares; a veciñanza perdeuno todo.
- Realizouse a Comparativa de Medios, a cal foi presentada en rolda de prensa.

Outubro 2012

- Decídese colaborar con Coalición Clima polo da reunión do IPCC en Vigo. Paula Vidal, presidente de Amigos da Terra, ofreceuse como coordinadora de Vigo. Contactamos tamén con Serafín de Greenpeace.
- Organizouse un roteiro pola costa sur de Vigo (Xunqueira do Lagares e dende a praia de Calzoa até a de Fuchiños).
- Fixemos inventario de materiais que posúe Verdegaia Vigo.

Novembro 2012

- Fixemos o recibimento a científicos do IPCC (Tamara, Marcos, Roi e Forti por parte nosa) e organizamos unhas Xornadas Abertas para achegar o asunto da Mudanza Climática á cidadanía.
- No debate do venres 9 estiveron veciños de Coia que loitan contra as talas na Avenida de Castelao e pediron apoios. Ese mesmo luns 12 estivemos Serafín de Greenpeace, Antón de Amigos de Terra e Marcos de Verdegaia apoiando para intentar parar as talas. A pesares de a Lei 27/2006 obrigar ás administracións públicas a facilitar informes ambientais se así o solicita calquera cidadán, nin David Antón individualmente nin a Asociación Veciñal Camiño Vello tiveron acceso ao susodito informe que xustificaría as talas indiscriminadas. Creouse unha Comisión independente con ecoloxistas (Amigos da Terra, Greenpeace e Verdegaia) e Estivemos todos os días, menos o da Folga Xeral e fins de semana, alí para parar as talas; algúns veciños ameazáronnos e mesmo un chamou á policía.
- Sumamos alegacións contra os eólicos no Galiñeiro.
- Apoiamos a Folga do 14N xunta o Grupo de Axitación Social.

Decembro 2012

- Interrompéronse as xuntanzas e iniciouse un debate sobre como continuar con elas, do que saíu reducir a unha soa o 1º martes de cada mes, recupera-las palestras (algo que nos piden dende Cova) e as convivencias (último martes de cada mes).
- Organizamos unha charla sobor da ILP dos 3R con membros da comisión promotora (Xosé Manuel López e Anxo Saborido).
- Pasou un mes dende a petición por parte da Comisión do informe técnico polas talas e non obtivemos resposta; a Asociación Veciñal Camiño Vello, que sería quen nos informaría de ter chegado, sospeitosamente perdeu o interese pola causa, polo que non podemos asegurar que non o recibiran (inda que o concelleiro, nos corredores, fíxonos entender que xamais teriamos acceso a esa información).

Xaneiro 2013

- Temos a primeira xuntanza dende había tempo, e desenvolveuse con normalidade, inda que con só catro activistas.
- Tomouse a decisión respecto a Fiare GZ Sur (Vigo+Pontevedra+Ourense) de que Verdegaia esté presente (tamén o estará no Norte)
- Presentamos xunto a Amigos da Terra unha nova petición de informe, pois a da comisión fóisenos negada por Camiño Vello.
- Publicouse na páxina un artigo que explica as problemáticas que entorpecen unha mellora na política forestal viguesa en canto a esfoles en xeral e talas indiscriminadas na Avenida de Castelao.
- Participamos na xuntanza de Verdeval (fundación asociativa) para a custodia do territorio.
- Fíxose recolla de sinaturas para a ILP dos 3R (continuouse en Compostela aproveitando a concentración de Queremos Galego)
- Acudimos como oíntes ao Encontro de Movements Sociais impulsado por AGE.

Febreiro 2013

- Sumámonos á proposta de Amigos da Terra para pedir a dimisión de Chus Lago.
- Reunímonos con ECOAR para estudar a súa proposta.
- Publicamos un artigo no nº1 da revista A Boia.
- Denunciamos o ocorrido no amial da Xunqueira do Lagares.

- Participamos na primeira xuntanza tra-la creación de Fiare GZ Sur.
- Participamos (sen apoio de grupos animalistas) na protesta contra o circo Coliseum (o mesmo contra o que o fixemos en Vigo) en Ponteareas. Desta tiñan preparados cartaces propios para enfrontarse a nós, cos que defendían que os animais son moito máis felices engaiolados que "sufrindo" na Natureza. Chamaron á Policía Local e tamén á Garda Civil, mais non pensamos que vaia haber denuncia porque as acusacións eran totalmente falsas (somos ecopacifistas). Un pai acusounos de traumatizar a seus fillos cos nosos cartaces (un tigre engailado e unha pata de elefante encadeada).

RESUMO DAS ACTIVIDADES DA REPRESENTACIÓN LOCAL DE VERDEGAIA RIBEIRA

- Denuncia pública e presentación de alegacións ao proxecto de Ordenanza Local de Seguridade e Convivencia Cidadá do Concello que vulneraba dereitos básicos das persoas como o dereito de reunión e manifestación, e o dereito á liberdade de expresión.
- Coincidindo ca recollida de sinaturas pola ILP pola redución, recuperación e reciclaxe de lixo e contra a súa incineración, fíxose unha proposta aos distintos partidos políticos do Concello para que se considerase o uso da planta de Lousame en lugar da de Sogama.
- Participación na Plataforma en defensa da Sanidade Pública na comarca da Barbanza.
- Participación na Asemblea en Defensa do Ensino Público da Barbanza
- Colaboración con Indignados Barbanza, con quen intentamos facer ciclos divulgativos sobre banca ética, cooperativas de consumo, cooperativas de produción de enerxías renovables, etc.
- Participación na plataforma contra as gaiolas de salmón na Ría de Muros e Noia, contribuíndo á difusión da súa problemática e á denuncia ante diversos organismos.
- Participación activa na oposición ao proxecto mineiro de Corcoesto, presentación de alegacións ao mesmo, colaboración na creación e traballo dunha plataforma, e apoio na difusión en rede das problemáticas da minería en Galicia. Colaboración coa plataforma creada na campaña de divulgación dos impactos da minaría que se está levando adiante pola comarca de Bergantiños.
- Colaboración, xunto con outros colectivos (Plataforma, ESF, SLG...) na planificación dos primeiros Encontros sobre os impactos da minaría, punto de encontro e reflexión de diversos colectivos de oposición a proxectos de minas a ceo aberto.

MEMORIA DE ACTIVIDADES DA ÁREA DE BIODIVERSIDADE DE VERDEGAIA

Ámbito xeral (responsable Diego R. Vieites)

- Colaborar coa Área de Educación Ambiental na organización do programa Vai de roteiros!
- Actividades realizadas que non foron planificadas.
 1. Participación na organización das VI Xornadas de Agroecoloxía de Ourense.
 2. Respostar solicitudes de información da cidadanía sobre como tentar frear un festival de Kitesurf en Carnota, sobre a situación da veciñanza afectada polo parque eólico de Teo e sobre como denunciar un depósito de areas supostamente ilegal na Rúa, entre outros.

Subárea de dereitos dos animais (sen responsable)

- Actividades realizadas que non foron planificadas.
 1. Difundir a manifestación do 11 de agosto contra as touradas en Pontevedra.

Subárea de espazos naturais e especies autóctonas (responsable Diego R. Vieites)

- Representación do movemento ecoloxista e traballo en dous espazos naturais protexidos: Parque Natural das Fragas do Eume e Parque Natural dos Montes do Invernadeiro.
 1. Asistir a unha xuntanza da Xunta Reitora do Parque Natural das Fragas do Eume.
- Realización de seguemento da xestión do Parque Nacional das Illas Atlánticas.
 1. Envío dunha nota de prensa criticando a ausencia de P.R.U.X., os desbroces de mato brutais e a mala xestión deste espazo protexido.
- Actividades realizadas que non foron planificadas.
 1. Estudar o documento de inicio para Avaliación Ambiental Estratéxica do Modificado Proxecto Sectorial do Parque Empresarial de Xinzo da Limia.
 2. Apoiar a causa da Asociación Monte Pindo Parque Natural.
 3. Apresentar alegacións e enviar unha nota de prensa pola Ampliación da Rede Natura en Galicia perante a Dirección Xeral de Conservación da Natureza da Consellaría do Medio Rural.
 4. Asistir a xuntanzas en Pontevedra, Santiago e A Coruña para facer achegas ós Planos de Recuperación do sapoconcho común, da escribenta das canaveiras e da pílara das dunas en Galicia.
 5. Asistencia ás concentracións de protesta pola xestión do lume forestal das Fragas do Eume en varias cidades galegas.
 6. Participar na grabación dunha reportaxe de V Televisión sobre a fragilidade dos espazos naturais galegos fronte ó lume.

7. Porse en contacto con ANABAM para preguntar polos estudos que esta asociación realiza cos anfibios da Serra da Groba.
8. Presentar un recurso contencioso administrativo polo trazado da A-54 ó seu paso pola Serra do Careón.
9. Realizar unha limpeza de lixo na contorna da Torre da Pena en Xinzo da Limia.
10. Apresentar alegacións e envío dunha nota de prensa polo proxecto de mina de ouro de Corcoesto.
11. Colaboración para a realización do recital “Versos contra o cianuro” organizado pola Plataforma pola defensa de Corcoesto.
12. Colaboración na organización e participación no acto “Quen defende a Terra e o Mar” de GNSV.
13. Asinar un comunicado xunto con outros colectivos para impedir malas prácticas na limpeza da muralla de Lugo.

Subárea de especies invasoras (responsable Marga Rubido)

- Colaborar co Proxecto Life da Universidade de Vigo sobre flora invasora.
 1. Realización de xestións e contactos precisos para levar a cabo o proxecto.
 2. Entrevista co Subdirector Xeral de Conservación da Natureza sobre o tema.
 3. Solicitud dunha axuda na convocatoria para proxectos da Fundación Biodiversidade para o proxecto.
- Actividades realizadas que non foron planificadas.
 1. Asinar e apoiar as alegacións ao borrador do Real Decreto que regula o Catálogo Español de Especies Exóticas Invasoras, que foron elaboradas polo GEIB.
 2. Respostar a consulta que nos fixeron os responsables da redacción do Plan Extratético de EEI para a Xunta de Galicia (GEIB).

Subárea de forestal (responsable Marga Rubido)

- Actividades realizadas que non foron planificadas.
 1. Envío dunha nota de prensa e realizar unha entrevista na radio polo Día Forestal Mundial.
 2. Envío de dúas notas de prensa denunciando a nefasta política forestal como causante do lume forestal do Parque Natural das Fragas do Eume, outra divulgando as concentracións da cidadás nas diferentes cidades galegas do luns 2 de abril en protesta polo lume forestal do Parque Natural das Fragas do Eume e outra analizando a situación posterior ó lume forestal do Parque Natural das Fragas do Eume. Tamén se enviou unha nota de prensa xunto con outros colectivos ecoloxistas para amosar o noso rexeitamento ó comezo das talas nas zonas afectadas polo lume do Parque Natural das Fragas do Eume.
 3. Realizar un traballo continuo na Plataforma Fumigacións Non.
 4. Apresentação de alegacións a unha plantación de *Eucalyptus nitens* en Sobrado (A Coruña).
 5. Apoiar o acto “En desagravio cos carballos” organizado por Verbo Xido e a F.E.G. en Cerdedo.

6. Apoiar un comunicado de prensa da F.E.G. criticando irregularidades na concesión do selo FSC a NORFOR por parte de Bureau Veritas.
7. Enviar información a un medio de comunicación escrita sobre a Lei de Montes.

Subárea de litoral e mariña (responsable Sabela Iglesias)

- Seguemento e denuncia da modificación da Lei de Costas.
 1. Sumarse á Plataforma estatal pola defensa da lei de costas "No a nuestra costa".
- Realización de actividades enfocadas á divulgación das problemáticas da piscicultura de salmón nas rías galegas.
 1. Asinar a denuncia de ASOAR-ARMEGA perante a Comisión Europea polo incumprimento do dereito comunitario das gaiolas de salmón da ría de Muros e Noia.
- Preparar o informe de Bandeiras Negras 2012.
- Actividades realizadas que non foron planificadas.
 1. Enviar o apoio e difundir a situación dos mariscadores imputados no xuízo pola entrada do primeiro gaseiro en Reganosa en 2007.
 2. Realización dun chamamento á cidadanía para que participase na Marcha contra as celulosas organizada pola APDR.
 3. Apoio á esixencia do Comité Cidadán de Emerxencia para que se execute a sentenza que declara irregular a modificación do Plan Xeral de Mugardos, paralizando a actividade da planta de REGANOSA e apostando polo seu desmantelamento.
 4. Difusión do comunicado da Plataforma pola defensa da Ría de Arousa criticando a aprobación da Declaración de Impacto Ambiental (DIA) positiva dos depósitos de hidrocarburos e produtos químicos do peirao de Ferrazo.

Subárea de lobo (responsable Rubén Portas)

- Divulgar as problemáticas do lobo en Galicia.
 1. Enviar o apoio ó escrito do colectivo Matar por Matar Non a respecto da solicitude de paralización de autorizacións de batidas de lobos híbridos na comarca do Barbanza.
 2. Asinar e divulgar o escrito realizado por Vox Anima denunciando as batidas de lobos híbridos na comarca do Barbanza.
 3. Asistir a dúas concentracións contra a matanza de lobos híbridos na Barbanza, en Compostela e Ribeira respectivamente.

MEMORIA DE ACTIVIDADES DA ÁREA DE EDUCACIÓN AMBIENTAL, XUSTIZA SOCIAL E CONSUMO CONSCIENTE

Marzo

- Comunicado en solidariedade con mariscadores da ría de Ferrol perante o xuzgamento por impedir a entrada na ría do primeiro gaseiro para Reganosa.
- Costa de Ferrolterra-Valdoviño (LIC costa Ártabra) 25 de Marzo, **Vai de Roteiros!**
- Envío de unha carta Sr. D. Miguel Arias Cañete Ministro de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente pedindo Solicitude Reunión sobre o Sistema de Depósito, Devolución e Retorno de Envases na Lei de Residuos e Solos Contaminados, 27 Marzo

Abril

- Serra do Barbanza. (Compostela), Abril 2012 **Vai de Roteiros!**
- Primeira andaina polo río Baa xunto con ADEGA, a Plataforma en Defensa dos Camiños, a Plataforma de Afectados polo Polígono Industrial de Vilar do Colo, a Sociedade Galega de Historia Natural e VERDEGAIA organizan a **1ª Andaina Polo Río Baa** polos concellos de Fene e Cabanas. Sábado 14 de Abril.
- Verdegaia participou da oposición á normativa municipal de ocupación e uso da vía pública en Compostela.

Maio

- Roteiro por Corrubedo, Maio; **Vai de Roteiros!**
- Plataforma pola protección da serra do Galiñeiro; **III Andaina polo Galiñeiro**, domingo 13 de Maio

Xuño

- Mesa informativa de FiareGZ na Festa do Comercio Xusto de Vigo o 9 de xuño de 2012
- Verdegaia presenta **alegacións** á ordenanza sobre convivencia no concello de Ribeira, 25 Xuño
- Lanzamento da páxina **Desenlixa** na plataforma **Retorna**

Agosto

- **Versos contra o cianuro, 11 de Agosto**
“Contra o veneno do cianuro, a enerxía dos versos; contra a desfeita das agresións ao medio, a inmensa forza da poesía que constrúe espazos novos.
Con esta idea, a Plataforma pola defensa de Corcoesto, da que Verdegaia fai parte, organizou o 11 de agosto un recital de poesía no Couto (Ponteceso).”
- Apoiamos un ano máis as **mobilizacións contra as touradas en Pontevedra**, 11 de Agosto.

Setembro

- Apoio ao **Ateneo Ferrolán**.
- Apoiamos as mobilizacións na **defensa do Ensino no rural**, 12 de setembro
- **Premios Semente e Cemento 2012, 23 de setembro**.

“Este ano o Cemento derramouse sobre as empresas e institucións que se atopaban detrás dos proxectos de fumigación dos nosos montes, vinculados ao pesticida Cascade e aos intereses da industria da pasta de papel: Aspapel, ENCE, Xunta de Galicia, Mesa da Madeira, Subdirección Xeral de Recursos Forestais, Asociación Forestal de Galicia, PROMAFOZ, Ecología y Espacio s.l., Fitoaragón s.l., Estación Fitosanitaria do Areeiro e BASF.

A Semente foi complexa pois desta volta non quixemos sinalar a un único colectivo, senón a un concepto, o de soberanía alimentar e nomeadamente ás persoas que aínda fan de elo entre el, tal como foi proposto nos anos 90 pola Vía Campesíña, e a nosa propia raigame labrega.

O premio recaeu así en dúas mulleres labregas, M^a Carmen Pazos Rabuñal e M^a Dolores Lea Santiso, que simbolizan co seu traballo a conexión entre a nosa tradición e a práctica da soberanía alimentar e o papel central que a muller ten xogado dende sempre no coidado da terra e da nosa alimentación. Esta elección foi consensuada co Sindicato Labrego Galego.

Xunto a elas quixemos recoñecer o papel doutras iniciativas cun carácter máis colectivo e que pulan, dende diferentes perspectivas e problemáticas, da soberanía alimentar: a Fundación Galiza Verde, a Rede de Sementes, a Cooperativa Rainha Lupa de Quilmas, a Asociación Galega de Horticultura Urbana e por último ás persoas que teñen posto en marcha a horta comunitaria do Barrio do Cura, en Vigo.

Ademais e singularmente, nesta celebración recoñecemos cun premio Semente especial, moi emotivo para nós, o que foi e fixo pola defensa da natureza o noso compañeiro Xosé Reigosa, socio fundador de Salvemos Monteferro, falecido no pasado mes de febreiro de 2012.”

- **Asemblea extraordinaria de Fiare Galiza o 29 de setembro, en Vigo.**

Outubro

- **Mobilización de Galiza Non Se Vende en Compostela 14 de Outubro**
- Verdegaia presentou a quinta edición do seu programa “**Vai de roteiros!**”, domingo 21 de Outubro
Próxima tempada **2012-2013**
 - Outubro: Costa Sur de Vigo.
 - Novembro: Serra do Candán.
 - Decembro: O Barqueiro e Vares (este roteiro foi suspendido polas malas condicións meteorolóxicas)
 - Xaneiro: Ribeiras do Louro.
 - Febreiro: Río Mero.
 - Marzo: Ramallosa e Devesa da Costa.
 - Abril: Serra da Capelada.
 - Maio: Ría de Arousa en embarcacións tradicionais ou río Toxa.
 - Xuño: Roteiro sorpresa.
- Comezo da campaña de recollida de asinaturas pola **ILP contra da incineración e a existencia da aplicación efectiva das 3 “R”**

Novembro

- Serra do Candán.(Compostela), Novembro 2012 **Vai de Roteiros!**
- **Crise climática e políticas locais a debate**, 8 e 9 Novembro

“As asociacións Amigos da Terra, Greenpeace e Verdegaia xunto con Coalición Clima organizamos unhas xornadas entre o 8 e 9 de Novembro, no local da Federación Veciñal de Vigo `Eduardo Chao aproveitando a presenza na cidade do grupo científico do IPCC. Con elas quixemos analizar o papel das políticas locais nesta problemática global.

Tamén participamos nun acto de rúa para esixir dos gobernos unha implicación real contra a mudanza climática baixo o lema “Mudemos o sistema, non o clima”.

- **Xornadas Ecofeministas: REPENSANDO A VIDA.**

“Os días 30 de novembro e 1 e 2 de decembro de 2012 tivo lugar en Compostela un encontro para a reflexión sobre o ecofeminismo en Galicia. A iniciativa partiu do interese de diferentes colectivos feministas, ecoloxistas e labregos —Verdegaia, Sindicato Labrego Galego, Rede Feminista Galega, Feminismos Compostela e Fiadeiras— por organizar unhas xornadas que permitiran analizar as potencialidades que teñen estes movementos de traballar en conxunto.

Contamos coa presenza e colaboración de Maria Xosé Agra, Teresa Moure, Lucía Iglesias, Marcia Tait, Lola Ferreiro, Tareixa Ledo ou Miguel Salas. O programa incluíu mesas redondas, obradoiros e espazos para a convivencia e o traballo colectivo, así como un lugar de encontro entre activismo e poesía no bar As Dúas.

As xornadas non foron só unha actividade puntual, senón o xeito de encetar un traballo en rede dende as portas que abren os diversos ecofeminismos.”

Decembro 2012

- Nota de prensa expoñendo a satisfacción pola liberación de Julio Saiáns, 13 de Decembro.
- **Charla sobre a ILP dos 3 “R” 18 Decembro**

“O martes 18 de decembro ás 20:00 no local da Cova dos Ratos-Caleidoskopio, en Vigo, organizamos unha charla con Anxo Saborido e Xosé Manuel López Fernández, membros da comisión promotora da Iniciativa Lexislativa Popular pola Redución, Reutilización e Reciclaxe dos residuos en Galiza, fronte á irresponsábel tendencia actual de contaminar o ar cos fumes tóxicos.”

Xaneiro

- Nota de prensa en apoio á sindicalista da CIG Laura Bugallo perante o seu xulgamento. Presencia na concentración en solidariedade, 17 de Xaneiro.

Febreiro

- Participación no **"IV Seminario-Obradoiro de Avaliación de Materiais. O Proxecto Abalar, cara a onde?"**, organizado por Nova Escola Galega vai ter lugar a finais deste mes de febreiro

Anexo coa participación de Verdegaia en Fiare, de marzo do 2012 a marzo 2013:

- Presenza activa de socias de Verdegaia nos grupos locais de Vigo e Compostela, así como na Xunta Directiva de Fiare Galiza.
- Unha socia de Verdegaia ocupa tamén un posto no comité ético de Fiare Galiza.
- Colaboración en diversas actividades de difusión do proxecto e da banca ética en xeral, en diferentes localidades galegas e por petición de moi diversos colectivos.
- Participación de socias de Verdegaia nas asembleas de Fiare Galiza e no encontro de persoas socias de Fiare estatal, que tivo lugar en Rivas Vaciamadrid no pasado abril de 2012.
- Agora mesmo algunhas persoas socias de Verdegaia están tamén a participar no proceso de formación dos GIT (Grupos de Implantación Territorial) norte (A Coruña e Lugo) e sur (Ourense e Pontevedra).
- En Verdegaia fixemos unha xuntanza monográfica para abordar a nosa participación como colectivo en Fiare e o futuro inmediato deste proxecto tras integrarse na Banca Popolare Etica italiana. Esta xuntanza tivo lugar o sábado 12 de xaneiro deste ano

MEMORIA DE ACTIVIDADES DA ÁREA DE URBANISMO, INFRAESTRUTURAS E TERRITORIO

Territorio

- Seguimento do Proxecto de gaseoducto de transporte básico á comarca do Barbanza
- Mina de ouro en Corcoesto
 - Alegacións*
 - Plataforma pola defensa de Corcoesto: colaboración na creación*
 - Xornadas sobre os impactos da minería: co-organización*
 - Nota de prensa Axudas a Entidades sen ánimo de lucro para fomento da minería*

Urbanismo

- Seguimento do corte de árbores realizado polo concello de Vigo

Mobilidade

- Plano de Mobilidade Alternativa: participación na elaboración
 - Criterios e recomendacións de deseño e trazado de vías ciclistas: propostas*
- Contencioso autovía Compostela - Lugo
- Semana europea da mobilidade en Vigo
 - Informe sobre mobilidade*
 - Comparativa interurbana de medios*

Enerxía

- Acto IPCC en Vigo
 - Acto de rúa*
 - Xornadas sobre mudanza climática*

RESUMO DA ACTIVIDADE DA TESOURARIA XERAL EN 2012 E ORZAMENTO PARA 2013

RESUMO DA ACTIVIDADE DA TESOURARIA XERAL EN 2012 E ORZAMENTO PARA 2013

Contas bancarias

No comezo do ano 2012 a asociación posuía sete contas bancarias: catro de núcleos comarcais (Compostela, Ferrol, Ourense e Vigo) e tres da Comisión Coordinadora Xeral: dúas en Triodos e unha en NovaGalicia Banco dende a que se domiciliaban as cotas.

A asemblea de 2012 acordou que a CCX pasase a operar coa Caixa Rural Galega. A tesouraría decide facer dúas cousas: eliminar as dúas contas de Triodos e abrir a nova conta na Caixa Rural Galega. A conta de NovaGalicia Bancos ficaría operativa até non termos operatividade total na Caixa Rural.

En xuño o tesoureiro tratou de abrir a conta na Caixa Rural de Compostela mais non o conseguiu ao non contarmos con toda a documentación esixida (NIF da asociación, acta de constitución, estatutos, carta da secretaría co visto e prace da presidencia na que se expoña quen van ter poder na conta e o xeito de dispor da mesma, DNI e xustificación da actividade que realizan as apoderadas ou apoderados) que co pasar dos meses tampouco se chegou a ter.

O encargado de fechar as dúas contas de Triodos é o anterior tesoureiro que posúe autorización na conta. Actualmente estas contas están sen diñeiro á espera do derradeiro trámite: a presentación perante a entidade dun escrito da secretaría da asociación onde se exprese o acordo da mesma de fechalas.

Por tanto, na actualidade a CCX está a operar unicamente coa conta de NovaGaliciaBanco.

Domiciliacións Bancarias

A maior parte das socias e socios teñen domiciliada a cota, ben sexa trimestral como semestral ou anual. Algúns deles ingresan na conta de NovaGalicia Banco. No ano 2012 por mor das mudanzas na tesourería non se puideron carregar os dous primeiros recibos trimestrais nen o primeiro semestral polo que se decidiu, informando ás socias e aos socios que se ía facer un único cárrego anual o 1 de outubro. Para o presente ano preténdense voltar á normalidade e poder carregar as cotas trimestrais e semestrais ás socias e socios que así o teñen escollido.

Cómpre reflectir que a base de datos bancaria non se encontraba actualizada rexistrando duplicidades e figurando nela un pequeno grupo de persoas que xa non eran socias. A pesar de ter feito unha limpeza previa producíronse 83 devolucións; algunhas por falta de fondos, bastantes por modificación do número de conta e aínda mais por baixa na asociación.

Posteriormente fixose unha nova limpeza da base deixándoa pronta.

Receitas e despesas

Na conta de NovaGalicia Banco (**2080-0300-81-3040145120**) o 1 de xaneiro de 2012 había **1.643,36€** e o 31 de decembro de 2012 **5.694,25€** (esta última cantidade inclúe os 309,18€ que se transferiron desde as contas de Triodos o 27 de novembro e que ficaron, por tanto, con 0€ até finalizar o seu feche). *O Anexo 1 é un PDF con todos os movementos de 2012 realizados na conta de Nova Galicia Banco.*

As receitas en 2012 achegadas a través das cotas das socias e socios foron de 8.180€* distribuídas territorialmente do seguinte xeito:

- Compostela: 2.240€
- Vigo: 1.840€
- Ferrol: 1.360€
- Ourense: 1.080€
- Pontevedra: 740€
- A Coruña: 440€
- Barbanza: 300€
- Outros: 180€

O 13 de decembro foi depositado o 50% das cantidades achegadas polas socias e socios de cada núcleo comarcal a aqueles que posúen conta bancaria, quer dicer, Compostela (1.120€), Vigo (920€), Ferrol (680€) e Ourense (540€).

Por último, cómpre asinalar que as **receitas totais de Verdegaia (CCX e Núcleos Comarcais) de 2012** foron de 8.668,28€ e as despesas de 10.448,28€ polo que o balanço foi de **-1.780,19€**.

Para máis datos consultai o relatorio económico elaborado para nós pola asesoría Xestión Social e que consta de dous documentos:

- *Anexo 2. Listado Maior. Desmembramento de receitas e despesas 2012 (pdf no que por tipo de receita aparecen separadas as facturas rexistradas e o importe individual. Cada movemento ten asociada a CCX ou o Núcleo Comarcal correspondente.*
- *Anexo 3. Resumo das receitas e despesas de 2012 da CCX e proxectos (folha de Excel na que aparecen o resumo de receitas e despesas totais, da CCX e por Núcleos Comarcais, cada unha nunha aba.*

* Se ollardes o Anexo 3 comprobaredes que as receitas polas cotas das socias e socios calculadas por min para facer a partilla entre núcleos comarcais (8.180€) e as reflectidas no Excel de Xestión Social (7.929€) non concordan. Acho que o motivo fundamental do desfase é que eu incluí as cotas de socias e socios que non puideran ser domiciliadas mas nas que existía un compromiso da persoa por ingresar a cota adebedada o antes posíbel. No Excel, as receitas por cotas están contabilizadas só na CCX (a asesoría decidiu facelo así) e non partillada cos núcleos comarcais, dai os resultados destes.

Orzamento da ccx para 2013

As receitas da CCX en 2012 polas cotas das socias e socios foi de 4.920€ (os 8.180€ ingresados por cotas menos os 3.260€ correspondentes aos Núcleos Comarcais) e o diñeiro a dispor pola CCX a 1 de xaneiro de 2013 era de **5.694,25€**.

Como despesas fixas para o ano estimáronse: 600€ para Dinahosting polo aluguer da web, 400€ para Xestión Social pola contabilidade e o asesoramento económico, 350€ pola aseguración a Mapfre, 250€ de despesas bancarias a NovaGalicia Banco (fundamentalmente comisións por manutención da conta, devolucións e transferencias), 600€ para os premios Semente e Cemento, 180€ a Orange pola liña de telemóvel e 620€ a asociacións, plataformas e colectivos dos que facemos parte ou cos que colaboramos (FEG, Conbici, Museo do Pobo Galego, etc.). En total foron estimados **3.000€ de receitas fixas** identificadas.

Por tanto, estímase un **orzamento para receitas variábeis e imprevistos de 2.694,25€**.

GASTOS E INGRESOS TOTAIS

CUENTA	GASTOS	SALDO
62100000	Arrendamientos y cánones	1.552,75
62100001	Web	571,27
62300000	Servicios de profesionales independientes	94,40
62500000	Primas de seguros	334,62
62600000	Servicios bancarios y similares	572,32
62900001	Material de oficina	85,86
62900002	Fotocopias, doc, libros	341,11
62900003	Material actividades	585,12
62900004	Comida, manutención	709,15
62900005	Correos, mensajería	61,92
62900006	Desplazamientos, alojamiento	1.208,12
62900008	Servicio actividades	1.944,10
62900009	Servicios de gestión	388,00
62900010	Gastos varios	289,38
63100000	Otros tributos	26,60
65210001	Ayudas monetarias a entidades	1.503,45
67800000	Gastos excepcionales	180,30
		10.448,47

CUENTA	INGRESOS	SALDO
72100000	Cuotas Socios	7.929,00
72600001	Donacion y leg. explot imp. rdtos act pr	496,12
75900000	Ingresos por servicios diversos	239,50
76900000	Otros ingresos financieros	3,66
		8.668,28